

Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza



Desenvolve as túas capacidades potenciando
o teu territorio con fondos europeos

16 abril - 7 xuño de 2018 | Valença do Minho (Portugal)
www.fundaciongaliciaeuropa.eu



galicia

XUNTA
DE GALICIA

Cámara
Comercio de Santiago de Compostela

ASCEGA
Asociación de Empresarios de Galicia

ipdj
INSTITUTO PORTUGUÉS
DE GESTIÓN DE
PROXECTOS DE
COOPERACIÓN
INTERMUNICIPAL

FNAJ
FUNDACIÓN NACIONAL
DE ASOCIADOS GALICIOS

Comunidade
Intermunicipal
do Ave

A Fundación Galicia Europa convoca a seguinte edición do curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza, que terá lugar entre o 16 de abril e o 7 de xuño.

Combinando actividades presenciais en grupo con outras de carácter individual, os participantes recibirán asistencia e titorización especializada para coñecer a dinámica dos proxectos de cooperación transfronteiriza, as posibilidades que ofrece o financiamento europeo neste ámbito, o proceso de elaboración dunha convocatoria e, terán ademais a oportunidade de descubrir e coñecer a outras persoas e entidades interesadas na creación de novos proxectos transfronteirizos.

O Curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza é unha actividade do proxecto **LIDERA**, un proxecto europeo que se encadra no programa Interreg V A España-Portugal 2014-2020 (POCTEP), e que conta cun financiamento europeo de 1,4 millóns de euros e unha duración de catro anos.

O curso de **Axentes de Cooperación Transfronteiriza** forma parte da actividade "**Cataliza**", que ten como obxectivo mellorar, potenciar e impulsar a viabilidade dos proxectos e ideas da xuventude, mediante a realización de actividades de titorización e asesoramento individualizado, formación personalizada, e coaching persoal. Ao longo do proxecto realizaranse dúas edicións do curso.

A Fundación Galicia Europa contará coa colaboración da Cámara Municipal de Valença do Minho, onde se impartirán as actividades de carácter presencial, e dos demais socios do proxecto: Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servicios e Navegación de Santiago de Compostela, a Asociación Comercial de Emprendedores de Galicia (ASCEGA), o Instituto Portugués do Desporto e da Juventude (IPDJ), a Federación Nacional de Asociacións Juveniles Portuguesa (FNAJ) e a Comunidade Intermunicipal do Ave.

DATA E LOCALIZACIÓN

O curso terá lugar na primavera do 2018, concretamente nas seguintes datas:

- ✓ Inicio do curso: 16 de abril
- ✓ Fin do curso: 7 de xuño

Combinará actividades presenciais en grupo con outras de traballo individual. A parte presencial terá lugar na Escola Superior de Ciéncias Empresariais - IPVC de **Valença do Minho (Portugal)**. Esta localización conta con sinxelos accesos por autovía, autoestrada, estradas nacionais e incluso tren para os participantes que cheguen tanto dende outros puntos de Galicia como de Portugal:



METODOLOXÍA

Será unha formación eminentemente práctica, na cal os asistentes presentarán en público candidaturas a **proxectos de cooperación transfronteiriza elaborados por eles mesmos**. Para logralo, previamente estarán acompañados por profesores e titores especializados en cada unha das alternativas de financiamento presentadas. Estes explicaranlles como preparar excelentes candidaturas, facilitándolles así o proceso.

Serán, xa que logo, os alumnos os verdadeiros protagonistas do curso, tomando un papel moi activo en todo o proceso de aprendizaxe.


OBXETIVOS

Búscase que os participantes alcancen as seguintes metas:

- ✓ Coñecer cales son as distintas **alternativas de cooperación transfronteiriza** que financia a Comisión Europea.
- ✓ Practicar como **elaborar candidaturas** para os programas que máis faciliten a cooperación transfronteiriza da zona.
- ✓ Coñecer a través de expertos en cada unha das opcións **suxestións para redactar** excelentes proxectos.
- ✓ **Descubrir outras persoas e entidades con vontade** de apostar pola creación de novos proxectos transfronteirizos.
- ✓ Crear **redes de colaboración** entre persoas interesadas na temática, así como con expertos na preparación deste tipo de proxectos.
- ✓ Realizar **accións de difusión** sobre o potencial do financiamento europeo para levar a cabo iniciativas conxuntas con outros países.

O Curso componse de 5 **bloques formativos** que se desenvolverán de xeito complementario e, incluso, simultaneamente:

5 bloques formativos 100 horas En grupo + Individual



Actividades en grupo | Valen3a do Minho (Portugal)
Actividades individuais | A distancia

BLOQUE 1.- DESCUBRIR AS ALTERNATIVAS (42 horas)

Achegaráselle aos alumnos ferramentas transversais para a elaboración de proxectos, así como coñecementos específicos sobre cada unha das alternativas presentadas. A transmisión de coñecementos será altamente práctica.

- ✓ Inicio: Luns 16 de abril.
- ✓ Fin: Venres 20 de abril.

	Luns 16	Martes 17	Mércores 18	Xoves 19	Venres 20
9:00 a 13:00	Presentación do programa	Creatividade aplicada ao desenvolvemento de proxectos (LEGO Serious Play)	Irmandamento de cidades	Erasmus+	Interreg V A
	As liñas de financiamento europeo				
15:00 a 19:00	As liñas de financiamento europeo	Como afrontar a elaboración dun proxecto	Europa Creativa	Erasmus+	Interreg V A
	Networking				Networking e próximos pasos
19:00 a 19:30	A cooperación transfronteiriza	Networking	Networking	Networking	

BLOQUE 2.- VISIBILIDADE DA COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA (10 horas)

Cada alumno deberá desenvolver unha iniciativa, acción ou proxecto creativo que axude a difundir as posibilidades deste tipo de financiamento ofrecido pola Unión Europea para axudar a borrar as barreiras que historicamente creaban as fronteiras. Este bloque estará titorizado por persoal cualificado, co fin de que súa implantación sexa a adecuada.

- ✓ Inicio da preparación: 21 de abril.
- ✓ Data máxima de entrega: 7 de maio.
- ✓ Presentación ao compañeiros: 8 de maio [bloque 4]

BLOQUE 3.- ELABORACIÓN DE PROXECTOS (42 horas)

Cada participante deberá elaborar unha candidatura a un dos programas presentados no bloque inicial. Fomentárase que a tipoloxía das propostas sexa o máis variada posible. Para cada caso contarán coa titorización do respectivo profesor que explicou o programa.

- ✓ Inicio de preparación: 21 de abril.
- ✓ Data máxima de entrega: 31 de maio.
- ✓ Presentación (clausura): 7 de xuño [bloque 5]

BLOQUE 4.- INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS (4 horas)

Aproximadamente á metade da fase de elaboración de proxectos organizarase unha sesión presencial coa que se busca promover un maior grado de colaboración entre os participantes, creando unha rede interactiva e pro activa que afondará no coñecemento de todos os proxectos e iniciativas.

Cada participante terá que explicar:

- Accións de visibilidade que levou a cabo, nun *elevator pitch* de 2 minutos.
- Situación actual do seu proxecto: temática, programa de financiamento e principais desafíos aos que se enfronta. *Elevator pitch* de 3 minutos.

A continuación traballarase en equipo para idear solucións para superar os desafíos individuais.

Para rematar a xornada producirase un encontro con alumnos da primeira edición do curso de Axentes de Cooperación Transfronteiriza.

	<i>8 de Maio</i>
<i>9:00 a 13:00</i>	<i>Elevator pitches</i> das accións de difusión <i>Elevator pitches</i> sobre estado e desafíos nos proxectos Traballo en equipo para superar desafíos Encontro con participantes da primeira edición.

BLOQUE 5.- PRESENTACIÓN DE PROXECTOS (4 horas). CLAUSURA

Como último paso desta formación, organizarase unha xornada de clausura. Os participantes presentarán ante o público asistente as candidaturas e accións de difusión nas que estiveron a traballar (*elevator pitch* de máximo 3 minutos por participante), recibindo as respectivas valoracións. Ademais, farase entrega dos diplomas acreditativos de aproveitamento da formación e sentaranse as bases para futuras colaboracións coas que seguir avanzando na cooperación transfronteiriza.

	<i>7 de Xuño</i>
<i>9:00 a 13:00</i>	Elevator pitches dos proxectos Valoración Entrega dos diplomas Clausura do curso

PARTICIPANTES

Máximo de **15 alumnos**. Os criterios da selección basearanse en:

- Mozos entre 18 e 30 anos.
- En situación de desemprego, en período de formación ou en mellora laboral.
- Prioridade aos residentes próximos á zona na que se celebrará o curso.
- Orde de inscrición.

Ao inscribirse, os participantes comprométese a participar no 100% das horas de traballo prevista no programa formativo. A asistencia é obrigatoria para ter dereito ao diploma de aproveitamento do curso, permitíndose a seguinte excepción:

- ✓ *No Bloque 1.-* Asistencia mínima do 80% das horas de traballo, estando permitindo faltar ao 20% restante só en casos de excepcionalidade e debidamente xustificada.
- ✓ *No Bloques 2 a 5.-* A asistencia esixida será o da totalidades das horas.

INSCRICIÓN E APOIO Á REALIZACIÓN

Esta formación é totalmente **gratuíta**.

Ademais, haberá un apoio á realización do curso para aqueles alumnos que se despracen dende localidades máis afastadas para realizar a formación presencial do 16 ao 20 de outubro. Incluirase, igualmente, a manutención a todos os participantes durante esta semana.

A **inscrición** poderase realizar dende o 5 de abril ata o xoves 12 de abril de 2018 ás 12:00h. Para dito requisito deberán xuntar a folla de inscrición e o CV, e envialo por correo electrónico ou entregalo en man na sede da Fundación Galicia Europa en Santiago de Compostela.

fges2@fundaciongaliciaeuropa.eu

Para calquera consulta: +34 981 95 70 88
+34 981 95 78 54

Fundación Galicia Europa
R/ Hórreo nº 61, baixo
15701 Santiago de Compostela